

RECLAMACIÓNS CONTRA AS CUALIFICACIÓNS OU DECISIÓNS DE PROMOCIÓN

BOE do 9 de xullo de 2015, Orde ECD/1361/2015.

- O alumnado ou os seus pais ou titores legais poderán solicitar de profesorado e titores, cantas aclaracións consideren precisas ...sobre as cualificacións ou decisións que se adopten como resultado do proceso de aprendizaxe do alumnado.
- No suposto de que, tralas oportunas aclaracións, exista desacordo coa cualificación final obtida nun área ou materia ou coa decisión de promoción ou titulación adoptada para un alumno, este ou os seus pais ou titores legais poderán solicitar por escrito a revisión de dita cualificación ou decisión, no prazo de dous días lectivos a partir do momento en que se produciu a comunicación.
- A solicitude de revisión que conterà cantas alegacións xustifiquen a desconformidade coa cualificación final ou coa decisión adoptada, será tramitada a través da xefatura de estudos, quen a trasladará a xefatura de departamento responsable da área ou materia. Cando o obxecto da revisión sexa a decisión de promoción ou titulación, a xefatura de estudos a trasladará ao responsable da titoría do alumno.

REVISIÓN DA CUALIFICACIÓN

- No proceso de revisión da cualificación final obtida nunha área ou materia, o profesorado do departamento contrastará as actuacións seguidas no proceso de avaliación co establecido na programación didáctica do departamento, con especial referencia a:
 - Adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno cos recollidos na programación didáctica
 - Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.
 - Correcta aplicación dos criterios de cualificación e avaliación establecidos na programación didáctica para a superación da área ou materia.
- No primeiro día lectivo seguinte a aquel no que finalice o prazo de solicitude de revisión o departamento emitirá un informe que recolla:
 - Descrición de feitos e actuacións previas que teñan lugar.
 - Análise realizada conforme ao punto anterior.
 - Decisión adoptada de modificación ou ratificación da cualificación final obxecto de revisión.
- A xefatura de departamento dará traslado á xefatura de estudos do informe elaborado, o cal comunicará aos pais do alumno.
- O xefe de estudos e o responsable da titoría do alumno considerarán a procedencia de reunir en sesión extraordinaria á xunta de avaliación.

REVISIÓN DA DECISIÓN DE PROMOCIÓN OU TITULACIÓN

- Nun prazo máximo de dous días lectivos celebrarase unha reunión extraordinaria da xunta de avaliación, na que o conxunto do profesorado revisará o proceso de adopción da dita medida á vista das alegacións realizadas
- O profesor titor recollerá na acta da sesión extraordinaria:
 - A descrición de feitos e actuacións previas que tiveran lugar.
 - Os puntos principais das deliberacións da xunta de avaliación.
 - A decisión de modificación ou ratificación razoada conforme aos criterios establecidos con carácter xeral para o centro.